



TALLER 2

DEFINICIÓN DE ESCENARIOS E MEDIDAS

***** SESIÓN 0_ PRESENTACION DO ESTADO ACTUAL DO CIA. *****

(Documento “PRESENTACIÓN ESTADO ACTUAL DO CIA, DEFINICIÓN DE ESCENARIOS E MEDIDAS”, incluíndo os datos recollidos no taller 1)



Índice

1. Introducción.

2. Condicionantes ambientais e sociais para a xestión das secas.

3. Identificación de zonas, poboacións e actividades vulnerables.

- Zonas non conectadas á rede de abastecemento que dependen de unha fonte de recursos non regulada.
- Instalacións municipais non conectadas a rede de abastecemento municipal.
- Estudo das características do sistema de explotación no que se acolle o Concello.
- Zonas ou sectores de maior poboación.

4. Análise de secas previas e prognósticos nun contexto de cambio climático.

5. Prognóstico no contexto de cambio climático.

6. Resultados e acordos alcanzados como resultado do proceso de participación pública do Taller 1.



1. Introducción

Tras unha primeira presentación do estado actual do Ciclo integral da auga no Concello de Dodro, os contidos do presente documento pretenden afondar nas vulnerabilidades e fortalezas do sistema de abastecemento, dende o punto de vista ambiental e social. tendo en conta as infraestruturas existentes e sempre, nun contexto de cambio climático

2. Condicionantes ambientais e sociais para a xestión das secas

No concello existen espazos, que aínda que non están designados baixo algunha figura de protección oficial que requiran de unha protección específica no caso dun evento de seca: áreas, hábitats e/ou especies, se ben si existen áreas de protección medioambiental de xeito xeral e con un gran valor social e cultural.

Ademais, parte do territorio do concello de Dodro vese afectado por varias figuras de protección agrupadas baixo a declaración de Rede Natura 2000 (Lugares de Interese Comunitario, LIC), segundo a Orde de 9 de xuño de 2003 (DOG. Nº 115).

Rede Natura 2000 establece un sistema de zonas como ferramenta para a planificación e xestión sostible dos recursos nos espazos protexidos. Sabendo isto, atopámonos con 3 zonas: área de protección, área de conservación e área de uso xeral, que regulan as actividades que se poden realizar en cada zona dependendo do grao de protección.

Dentro da Rede Natura 2000 atopamos:

- Zona de Especial Conservación (ZEC): espazos naturais con interese de conservación polos seus hábitats e especies de interese ou en risco e que veñen declarados pola Comisión Europea. As ZEC son escollidas dentro das candidaturas de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC).
- Zonas de Especial Protección para Aves (ZEPA): o espazo afectado por esta figura inclúe un dos maiores elencos do conxunto de Humidais e Corredores Fluviais que alberga 3.500 aves acuáticas durante o período invernal.
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN): englobadas tamén na Rede Natura 2000.

Relación e mapa de espazos e valores medioambientais no concello nos que se contempla unha protección específica no caso dun evento de seca.

Segundo o Plan hidrográfico da demarcación Miño-Sil, no capítulo 5, o Concello de Dodro está rexistrado como zona de especial protección dos valores naturais.

Código EU	Código ENP	Nome da Zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN)	Concellos	Superficie protexida (km2)
ES014ENPR110080	110080	Sistema Fluvial Ulla - Deza	Catoira, A Estrada, Pontecesures, Silleda, Vila de Cruces, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro, Vedra, Brión, Rois e Ames	16,33

A continuación, representase de maneira gráfica as zonas de especial protección dos valores naturais, no Concello.




Figura 1. Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

3. Identificación de zonas, poboacións e actividades vulnerables.

Neste punto recóllense as áreas máis vulnerables fronte a un evento de seca e a poboación asociada a elas.

A identificación destas áreas atende a distintos factores:


- Recursos hídricos dispoñibles
- Características físicas do terreo
- Sistemas de abastecemento dispoñibles
- Actividades estratéxicas desde o punto de vista económico e/ou social

No concello existen usos, colectivos, sociais ou zoas especialmente vulnerables aos impactos por seca ou cando o seu abastecemento é estratéxico e debe ser garantido cando aparece un episodio de seca. O Plan deberá prestarlles unha especial atención e valorar a posibilidade de deseñar medidas específicas para previr e reducir diñas afeccións ou impactos. En ocasións pódense identificar grupos de poboación que polas súas características demográficas, sociais ou económicas poidan presentar unha maior vulnerabilidade e polo tanto será necesario tratalos de maneira específica.

- Zonas non conectadas á rede de abastecemento que dependen de unha fonte de recursos non regulada. Neste caso, un período de seca pode afectar ao abastecemento de unha parte da poboación.

No Concello existen varios núcleos de poboación que non están conectados á rede de abastecemento municipal e se abastecen de forma habitual de recursos autónomos, privados ou veciñais. Se ben a maior parte dos núcleos están conectados á rede de abastecemento, estas zonas, son as áreas do Concello máis vulnerables, xa que no caso de escaseza de recursos dispoñibles nas súas captacións privadas, non teñen fontes de recursos alternativos para o seu abastecemento.

A continuación, representase de maneira gráfica as distintas zonas do Concello segundo a natureza do sistema de abastecemento no Concello.



- No caso das instalacións municipais non conectadas a rede de abastecemento municipal: O volume de auga consumido polas instalacións municipais,
- Zonas que se abastecen de fontes especialmente sensibles a períodos de seca, como consecuencia, por exemplo, dun deterioro da calidade por aumento de concentración de contaminantes ao diminuír os recursos:
- Zonas ou sectores de maior poboación. As medidas e restricións terán maiores afeccións en aquelas zonas ou sectores onde hai máis poboación e polo tanto afecten a un número maior de persoas:
 - Lestrobe: é o núcleo con maior poboación do municipio.
- Zonas protexidas incluídas no municipio que por os seus valores ambientais, ecolóxicos, históricos ou culturais, e a súa vinculación coa auga poidan verse afectadas gravemente por unha situación de seca. Este pode ser o caso de xardíns e paisaxes históricos, humedais protexidos, etc. A definición de estratexias e medidas para a súa conservación deberá realizarse conxuntamente coa administración encargada da xestión de dita zona protexida, xa sexa de ámbito municipal, autonómico ou estatal.

Dodro vese afectada por varias figuras de protección agrupadas baixo a declaración de Rede Natura 2000 (Lugares de Interese Comunitario, LIC). Rede Natura 2000 establece un sistema de zonas como ferramenta para a planificación e xestión sostible dos recursos nos espazos protexidos.

Dentro da Rede Natura 2000 atopamos:



- Zona de Especial Conservación (ZEC): espazos naturais con interese de conservación polos seus hábitats e especies de interese ou en risco e que veñen declarados pola Comisión Europea. As ZEC son escollidas dentro das candidaturas de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC).
- Zonas de Especial Protección para Aves (ZEPA): o espazo afectado por esta figura inclúe un dos maiores elencos do conxunto de Humidais e Corredores Fluviais que alberga 3.500 aves acuáticas durante el período invernal.
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN): englobadas tamén na Rede Natura 2000 fai referencia a zonas que, polos seus hábitats e especies deban ser protexidos.

Segundo o plan hidrolóxico de Galicia Costa no concello existen as seguintes zonas de protección especial.

- Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) Sistema Fluvial Ulla-Deza.

O esteiro do río Ulla é unha extensa zona marismeira que se localiza entre as illas das Bañas, no río Ulla e o comezo da ría de Arousa na Illa de Cortegada, representando unha transición entre ambos ecosistemas acuáticos.

O espazo natural está caracterizado pola mestura das augas de ambos medios, que se traducen nun entorno de gran valor ambiental, na que se observa a transición das especies vexetais adaptada a distintas concentracións salinas. Na zona na que a salinidade da auga é maior, a vexetación está representada polas espartinas, xuncos, mentres que nas zonas nas que a salinidade é menor, está dominada por carrizais, que se prolongan dende as Brañas de Laíño.

Nas beiras do esteiro as especies vexetais de marisma dan paso a gramíneas e especies arbóreas que forma un bosque de ribeira de alisos, salgueiros, carballos e abeleiras. Que lle dan cor ó esteiro. Entre a fauna que habita este espazo natural salientan as especies palustres, que nidifican e crían neste hábitat, como a ánade azulona, a gallineta común, así como especies invernantes como a cerceta, que ten o seu refuxio entre as grandes extensións de vexetación marismeira. Pola súa parte as especies piscícolas son cada vez menos abundantes, aínda que quedan exemplares de lamprea e salmón.

Brañas de Laíño e Veiga de Lestrobe: a beira do Ulla, de gran interese ecolóxico e faunístico. Integrado na Rede Natura 2000.

Humidais sitios na marxe dereita do tramo final do río Ulla. Están integrados no Sistema Fluvial Ulla -Deza. Nas Brañas atópase a maior poboación mundial de *Emberiza schoeniclus lusitanica*, a subespecie da Escriventa das Canaveiras propia do NO da península Ibérica (especie endémica desta zona), unha ave pequena en perigo crítico de extinción, xa que na actualidade quedan sobre un centenar de exemplares.

Ademais da figura da Rede Natura atópanse outros lugares de interese no Concello que se verían afectados por un período de seca.

- RUTA XACOBEO DO MAR DE AROUSA E ULLA

“O camiño do mar do Apóstolo”

A ruta do mar de Arousa e Ulla foi recuperada en 1989, uníndose á iniciativa os concellos da Ría e a cunca do Ulla que se constituirían na Fundación co seu nome en 1,99 declarada, por lei da Xunta de Galicia, de Interese Galego e Cultural. A ruta, turisticamente así concibida, está aberta cun servizo de catamaráns ó que se suman diversidade de embarcacións que remontan o seu curso, especialmente nos meses de verán.

A ruta marítimo-fluvial pola ría de Arousa e o río Ulla conmemora, segundo a tradición, a chegada a Galicia polo mar, do corpo do Apóstolo Santiago o Maior, tras o seu martirio en Xerusalén no ano 44. Os restos do Apóstolo entraron en Galicia pola Ría de Arousa, remontaron o río Ulla e arribaron na cidade romana de Iria Flavia (Padrón).

Dende 1989, a finais de xullo ou comezos de agosto de cada ano, o comité de alcaldes desta ruta xacobeia (hoxe fundación Ruta Xacobeia do Mar de Arousa e Ulla) en colaboración con autoridades da Mariña, a igrexa de Santiago de Padrón e armadores e pescadores da zona organizan unha procesión marítimo-fluvial, que arriba a Pontecesures e Padrón, onde ten lugar un acto relixioso. Esta ruta xacobeia baña os municipios costeiros de Riveira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro e Padrón e na ribeira sur, os de Sanxenxo, O Grove, Meaño, Cambados, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Catoira, Valga e Pontecesures. A ruta do Mar de Arousa e Ulla incorpórase en Padrón o chamado Camiño Portugués.

- Ruta de sendeirismo Bustelo e pozo Bastón
- Ruta de sendeirismo Veigas de Lestrobe






Figura 3. Zonas e poboación sensibles ante o risco de seca no Concello de Dodro.

4. Análise de secas previas e prognósticos nun contexto de cambio climático

O termo municipal de Dodro atópase na demarcación hidrográfica Galicia- Costa, no sistema de explotación nº 5. Nos últimos anos, rexistráronse varios períodos de secas neste sistema. Concretamente:

“No mes de setembro de 2016 Augas de Galicia declara o estado de prealerta por seca nos sistemas 1, 2 e 8 da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa debido ao anormalmente baixo caudal circulante polos ríos destas zonas e aos índices de seguimento da seca. O empeoramento xeralizado a nivel hidrolóxico levou a estender a activación da prealerta a toda a demarcación en decembro dese mesmo ano. O día 2 de outubro de 2017, tras un ano hidrolóxico caracterizado pola carestía xeralizada de precipitacións e por caudais circulantes polos ríos atípicamente baixos, a presidencia de Augas de Galicia declara a alerta en 6 sistemas de explotación (1, 2, 7, 8, 11 e 12) e mantén a situación de prealerta no resto.”

O día 15 de xaneiro de 2018, logo de examinar que a evolución dos indicadores de seguimento constatan unha melloría na situación, a presidencia de Augas de Galicia desactiva o estado de alerta hidrolóxica nos sistemas de explotación 1, 2, 3, 9, 10, 13, 14, 15, 16, 17, 18, e 19.

O día 6 de abril de 2018, unha vez constatada pola oficina técnica da seca a recuperación dos sistemas hídricos da demarcación Galicia-Costa, desactívase o estado de prealerta, pasando todas as bacías da demarcación a estado de Normalidade.”

Táboa 1. Análise de secas previas



Data *O día e o mes pertence ás datas da DHGC		Caracterización hidrometeorolóxica (aportación) Estación 540 Sar en Brión	Caudal medio Río Sar en estación 540 Sar en Brión	Estado no Sistema de Explotación	Afeccións principais	Medidas executadas
Inicio	Fin					
Dec 2016	Abril 2018	Dec/16 4,62 hm ³ Abr/18 14,76 hm ³	Dec/16 1,73 m ³ /s Abr/18 5,70 m ³ /s	Estado de prealerta		Restricións no consumo para fins recreativos

Comparándose os volumes captados de eses anos, en escenarios de normalidade e de seca:

Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020
-	Decembro 2016 / Abril 2018			-	
Estado de normalidade	Estado de prealerta		Estado de normalidade		
Volume extraído nas captacións					
117.194	121.098	136.431	124.365	141.444	156.619


5. Prognóstico no contexto de cambio climático

No ano 2017, o Centro de Estudos Hidrográficos do CEDEX publica o informe Avaliación do Impacto Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España (2015-2017). Nel preséntanse catro escenarios de emisións de sustancias contaminantes, gases de efecto invernadoiro e usos do chan ata o ano 2100. Para a avaliación de impactos tomáronse como referencia dous deses catro, nomeados RCP4,5 (relativamente optimista, onde aplican políticas de redución de emisións) e RCP8,5 (máis pesimista, onde se produce un aumento das emisións).


Os resultados destes escenarios prognostican unha redución dos recursos hídricos que irá crescendo conforme avance o século XXI. Tamén se observa unha tendencia a aumentar os recursos hídricos no primeiro trimestre do ano, en detrimento do terceiro, é dicir, dos meses do verán. Do traballo do CEDEX extraese un porcentaxe de redución dos recursos hídricos afectados polo cambio climático para o horizonte 2039, representados na Figura 4, nos dous escenarios, RCP4,5 e RCP8,5.

En xeral, na Demarcación Hidrográfica a maioría das proxeccións prognostican un aumento da frecuencia e intensidade de secas canto máis avance o século, froito da cada vez maior variabilidade das precipitacións. Hai que ter en conta que aínda que as precipitacións na Demarcación son elevadas en relación co resto da península, existe unha forte dependencia dos sistemas hídricos con respecto ás precipitacións, xa que ten unha escasa capacidade de regulación e non están identificadas unidades hidroxeolóxicas que poidan ser reservorios de auga en momentos de seca.





RCP4.5 (escenario máis optimista)



RCP8.5 (escenario máis pesimista)

Figura 4. Variación porcentual na rede fluvial por efecto do cambio climático no terceiro trimestre do ano natural segundo o escenario na demarcación Galicia- Costa



6. Resultados e acordos alcanzados como resultado do proceso de participación pública do Taller 1.

2.- Resultados sesión 1: Avaliar as capacidades, o grao de coñecemento e sensibilidade social:

Amósanse os resultados en porcentaxes (%)

Enquisa coñecemento e sensibilidade local	Nada	Pouco	Bastante	Moito	Non contesta
¿Coñeces se houbo algún episodio de seca ocorrido no pasado no teu municipio?	30,00%	30,00%	20,00%	0,00%	20,00%
¿Coñeces cal é a sistemática actual de xestión do risco por seca no teu municipio?	30,00%	30,00%	20,00%	0,00%	20,00%
¿Coñeces as medidas a poñer en práctica no caso de emerxencia por seca no teu municipio?	30,00%	30,00%	10,00%	10,00%	20,00%
¿Coñeces as responsabilidades que teñen as diferentes administracións con competencias na xestión de risco por secas?	10,00%	40,00%	20,00%	10,00%	20,00%
¿Coñeces materiais divulgativos sobre xestión do risco por seca?	20,00%	40,00%	10,00%	10,00%	20,00%
¿Sabes se o risco por seca se traballa actualmente nas escolas do teu municipio?	20,00%	50,00%	10,00%	0,00%	20,00%
¿É importante para ti que as medidas de xestión de risco por secas no teu municipio sexan compatibles coa preservación dos valores ambientais das masas de auga, como por exemplo os ríos?	0,00%	10,00%	20,00%	50,00%	20,00%
¿Recibiches ou difundiches información sobre seca utilizando algún tipo de rede social?	30,00%	30,00%	10,00%	10,00%	20,00%
¿Tes interese en formar parte de algunha rede que teña entre os seus obxectivos a busca da mitigación do risco por seca no teu municipio?	20,00%	20,00%	30,00%	10,00%	20,00%
¿Involucrache algunha vez nun proceso sobre xestión de secas?	40,00%	30,00%	10,00%	0,00%	20,00%
¿Coñeces algunha iniciativa cidadán para reducir o risco por secas no teu municipio?	40,00%	20,00%	20,00%	0,00%	20,00%

3.- Resultados sesión 2: Identificación de debilidades

Os participantes identificaron as debilidades do Ciclo Integral da Auga, e as ordenaron segundo o grao de importancia que consideraron, en base ao estado actual do Concello.

Nas seguintes táboas amósanse os resultados.

Nos espazos abertos de texto libre "Outros", faise unha transcripción literal das respostas obtidas.

Debilidades de carácter socioeconómico	
Priorización	Debilidade
1	Formación do cidadán para a boa xestión da auga
2	Falta de concienciación sobre a boa xestión da auga
3	Falta de concienciación sobre o vertido de residuos á rede de saneamento
4	Adecuación tarifaria en situacións de seca
5	Disponibilidade de información xeral para o cidadán
6	Interese por parte do cidadán
7	Control de consumos (aboados con dispositivos de medición de caudal).'
8	Falta de protección de espazos relacionados coa auga nos que exista un valor recreativo, histórico, representativo do lugar, etc.'
9	Existencia de canles adecuados para acceso a información

Debilidades de carácter ambiental	
Priorización	Debilidade.
1	Incendios causados pola seca, e polo tanto perda de valor de solos
2	Frecuencia de vertidos sen depurar ás masas de auga
3	Abuso de usos non esenciais coma enchido de piscinas, rega de xardíns, etc
4	Falta de protección de espazos con valor medioambiental no municipio, que requiren de unha protección específica no caso dun evento de seca.
5	Ausencia dun sistema de alerta fronte a contaminación das masas de auga
6	Calidade da auga doméstica. Información xeral para o cidadán



Debilidades de carácter técnico	
Priorización	Debilidade.
1	Perdas e fugas na rede de abastecemento
2	Necesidade de mellora das infraestruturas existentes
3	Materiais de tubaxes obsoletos
4	Disponibilidade de recursos hídricos suficientes
5	Existencia de elementos para a reutilización da auga, tanto a nivel municipal coma a nivel doméstico
6	Capacidade de almacenamento dos sistemas de abastecemento.s masas de auga
7	Xestión das presións da rede de abastecemento - regulación da presión da auga, por exemplo as presións altas, provocan máis consumo, máis roturas e danan os electrodomésticos
8	Capacidade de almacenamento dos sistemas de abastecemento.s masas de auga
Outros.	

Debilidades de carácter institucional	
Priorización	Debilidade.
1	Adecuación da coordinación entre administracións
2	Adecuación da previsión ante estados de emerxencia
3	Adecuación da inversión en infraestruturas
4	Axudas económicas para o emprego de sistemas de reutilización da auga
Outros.	

Debilidades específicas das núcleos de poboación do Concello	
Priorización	Debilidade.
1	Necesidade de regularización dos sistemas de abastecemento autónomos
2	Existencia de núcleos de poboación nos que existen problemas de cantidade ou calidade da auga dispoñible
3	Necesidade dun maior control de calidade da auga nos sistemas veciñais de abastecemento
Outros.	Consumo industrial exaxerado en detrimento do consumo doméstico.

4.- Resultados sesión 3: Identificación e caracterización preliminar de medidas e fortalezas

Os asistentes identificaron aquelas medidas máis axeitadas para facer fronte ás debilidades identificadas e as fortalezas do sistema de abastecemento que poidan facilitar a posta en práctica de cada medida. A continuación amósanse os resultados obtidos.

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Formación do cidadán para a boa xestión da auga
Descrición da medida suxerida	Desenvolver un diagnóstico do estado das infraestruturas; Penalizar o mal uso da auga; Talleres escolares; Informar á cidadanía sobre os distintos aspectos relacionados coa seca usando canles accesibles.
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Cidadáns; Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Falta de concienciación sobre a boa xestión da auga
Descrición da medida suxerida	Disponibilidade de información xeral para o cidadán; Falta de concienciación sobre a boa xestión da auga; Falta de concienciación sobre o vertido de residuos á rede de saneamento; Formación do cidadán para a boa xestión da auga
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Cidadáns; Municipio; Administración autonómica en colaboración coa local





Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Interese por parte do cidadán
Descrición da medida suxerida	Creación de campañas de sensibilización; Concienciar para o aforro doméstico
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Control de consumos (aboados con dispositivos de medición de caudal)
Descrición da medida suxerida	Renovación regular da rede de abastecemento; Mellora na monitorización de avarias
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Abuso de usos non esenciais coma enchido de piscinas, rega de xardíns, etc.
Descrición da medida suxerida	Penalizar o mal uso da auga; Mellora na monitorización de avarias
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Adecuación da inversión en infraestruturas
Descrición da medida suxerida	Desenvolver un diagnóstico do estado das infraestruturas; Planificación a curto, medio e longo prazo para infraestruturas
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Disponibilidade de información xeral para o cidadán
Descrición da medida suxerida	Informar á cidadanía sobre os distintos aspectos relacionados coa seca usando canles accesibles
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Falta de concienciación sobre o vertido de residuos á rede de saneamento
Descrición da medida suxerida	Concienciar para o aforro doméstico
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Adecuación tarifaria en situacións de seca
Descrición da medida suxerida	Penalizar o mal uso da auga
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Calidade da auga doméstica
Descrición da medida suxerida	Rego de xardíns con auga reutilizada
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Cidadáns

Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Frecuencia de vertidos sen depurar ás masas de auga
Descrición da medida suxerida	Creación dun portal de difusión sobre o ciclo da auga onde todos os sectores usuarios teñan información
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio





Ficha de identificación de medidas e fortalezas	
Debilidade que se busca superar	Xestión das presións da rede de abastecemento - regulación da presión da auga, por exemplo as presións altas, provocan máis consumo, máis roturas e danan os electrodomésticos
Descrición da medida suxerida	Sectorización e regulación das presións
Responsable de seu desenvolvemento (cidadáns, municipio, grandes consumidores...)	Municipio

5.- Resultados sesión 4: Enquisa de avaliación.

Amósanse os resultados en porcentaxes (%)

Nos espazos abertos de texto libre destinado á aportación de ideas adicionais, faise unha transcripción literal das respostas que se obtiveron.

Enquisa de avaliación	Nada	Pouco	Bastante	Moito	Non contesta
¿Considera que o taller permitiulle aumentar o seu coñecemento sobre a xestión da seca no Municipio?	0,00%	50,00%	0,00%	30,00%	20,00%
¿Considera que o taller permitiulle aportar o seu punto de vista sobre as debilidades do sistema de abastecemento de auga no municipio, en xeral e no caso de seca?	0,00%	40,00%	20,00%	20,00%	20,00%
¿Considera que o taller permitiulle aportar o seu punto de vista sobre as fortalezas do sistema de abastecemento de auga no municipio, en xeral e no caso de seca?	0,00%	50,00%	20,00%	10,00%	20,00%
¿Considera que o taller permitiulle aportar o seu punto de vista sobre as medidas que se poidan implementar para reducir a vulnerabilidade do sistema de abastecemento de auga no municipio, en xeral e no caso de seca?	0,00%	40,00%	20,00%	20,00%	20,00%
Aspecto/s que mellor valora do taller.	<p>a oportunidade Amplia cantidade de opcións El interés en mejorar, tanto la calidad del agua, como el uso abusivo Non sabería que destacar Comezar a que se empiecen a falar do problema. as explicacións todo o contido Moi completa a información</p>				
Aspecto/s do taller que cambiaría/melloraría.	<p>MOI LONGO E COMPLICADO Nula visión sobre o interese económico da auga máis posibilidade de incluír tu propia resposta Menos cantidade de información Non se atallar temas tan importantes como o consumo industrial da auga. Nun municipio que pouco se dedica ás agricultura temos industrias que fan un uso moi alto da auga. Non se tratou nada neste taller de aspecto. mais curto nada Todo correcto</p>				
Aportación de ideas adicionais.	<p>Si se pode revisar/mellorar a complicación, e o vocabulario utilizado. Difusión e participación cidadá Hay playas donde está prohibido el baño desde hace años por estreptococo, deberían depurar mejorar Non se me ocorre nada Valorar si o uso da auga no sector industrial, neste concello, é abusivo e si hai que aplicar correccións meses sentido. non ningunha Multas por mal uso da auga</p>				

